

memorandum [gl]





## 01. empresa

### historia

A empresa é constituída en 1991, ano no que inicia as súas actividades na construción completa de obra civil e pública, obxecto social principal da sociedade.

Inicialmente o noso campo de actuación centrábase na provincia de Pontevedra, realizando obras de estradas, urbanizacións, pavimentacións con mestura bituminosa, depuradoras, movementos de terras, canalizacións (saneamento e abastecemento) e muros de contención, tanto no ámbito público como privado.

Co paso do tempo estendemos as nosas áreas de actuación por toda a Comunidade Galega, conseguindo importantes contratos, produto da boa xestión baseada principalmente, na experiencia, compromiso e confianza que garante un bo resultado das nosas actuacións.

### evolución

Na actualidade a sociedade encóntrase inscrita como empresa contratista de obras, no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas co número 46624 R. Achándose tamén inscrita no Rexistro Xeral de Contratista e Contratación co número 2260.

NAROM S.L. na súa crecente evolución foise adaptando ás necesidades dos seus clientes, no referente a temas de calidade, formación, tecnoloxía e competitividade, factores ao que pon especial atención como claves do seu éxito e permanencia.



Calidade + Medio Ambiente

NAROM SL no ano 2001 implantou un Sistema de Xestión de Calidade para todo o seu proceso produtivo, obtendo a Certificación de 9001:2000.

Posteriormente no 2009 propúxose a implantación dun sistema de Xestión Ambiental, obtendo a certificación ISO 14001:2004 en decembro do 2009.



## 02. solucións



### estradas

Tras o incesante esforzo das distintas administracións públicas na posta ao día das infraestruturas viais, o maior nivel de esixencia dos usuarios e o incremento do tráfico, a actividade de Narom S.L. foi sempre en aumento dentro deste sector da obra civil.

Narom S.L. posúe demostrada experiencia na execución de centos de quilómetros en obras de infraestrutura vial, realizadas a través das distintas administracións, mediante todas as modalidades de contratación e financiamento.



### urbanizacións

Cunha ampla experiencia no desenvolvemento de urbanizacións, o noso compromiso é brindar un mellor servizo coa mellor calidade, tendo así a mellor maquinaria e o persoal mellor capacitado para cumprir coas especificacións dos nosos clientes.

A nosa experiencia en proxectos de urbanización e obras públicas, con numerosas obras realizadas, permite desenvolver proxectos completos nos que interveñen traballos obra civil, xardinaría, bioingeniería, etc., que en caso de encargarse a empresas separadas supón un maior esforzo de coordinación e un traballo final con prazos máis longos.



## 02. solucións



### depuradoras de augas

A auga é insubstituíble para a vida e para gran parte das actividades económicas. É unha garantía de supervivencia e un ben escaso. A sociedade actual demanda cada vez maiores caudais de auga e de maior calidade.

Realizamos plantas depuradoras de augas residuais para a administración pública e empresas privadas. Ademais implicámonos en todos os seus procesos posto que para a nosa empresa lle damos un valor moi importante á xestión ambiental.



### movemento de terras

Narom S.L é unha empresa consolidada no sector da construción. Entre as áreas de maior desenvolvemento da nosa empresa destacan os traballos de obra civil na vía pública e as escavacións e movemento de terras.

Escavacións en todo tipo de terreos, transporte de terras, material de recheo, subministración de arido e terra vexetal, execución de terreos, cimentacións, saneamento de terreos, etc.



## 02. solucións



### obras hidráulicas

Narom S.L. realiza todo tipo de obras civís e hidráulicas: redes de saneamento e abastecemento, conducións, canles e regadíos, estacións de tratamento de augas (potabilización e depuración), urbanizacións e rúas, camiños, etc.

Dende os seus inicios, a compañía está especializada en instalacións hidráulicas traballando principalmente para grandes contratistas de obras e a administración, cun traxectoria que se caracterizou por un destacado crecemento tanto en volume de actividade coma en facturación. A clave encóntrase na capacitación do seu equipo humano, un conxunto de profesionais moi experimentados e motivados, que reflicten a seriedade e vocación de servizo de Narom S.L.



### muros de contención

Narom S.L. é unha empresa cunha longa traxectoria na colocación de granito, destinado á construción de muros de contención de terras.

O emprego das técnicas máis avanzadas e o exhaustivo control de calidade permítenos ofrecerlle os nosos produtos e materiais con absolutas garantías. A elegancia, a resistencia, a inalterabilidade fronte a condicións atmosféricas externas e o respecto polo medio, fan do granito unha opción a ter en conta á hora de estudar os materiais a empregar na construción de muros de contención de terras.



### 03. clientes

---

#### comunidaed autónoma

Xunta de Galicia

---

#### diputacións

Deputación Provincial de Pontevedra.

---

#### concellos

Concello de Mos  
Concello de Redondela  
Concello de Tomiño  
Concello de Bueu  
Concello de A Cañiza  
Concello de Salvaterra de Miño  
Concello de Porriño  
Concello de Mondariz  
Concello de Covelo  
Concello de Pobra do Brollon  
Concello de Castrelo de Miño



04. clasificaciones



**MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA**

JUNTA CONSULTIVA  
DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

Plaza de Vobaraíso nº 4  
28016 - MADRID  
Tfno ... : 91 - 4430950  
Fax ... : 91 - 4589453

Num. Expediente: 46624 R/

Empresa....: **NAROM, S.L.**  
 N.I.F. . . . : **B36163418**  
 Domicilio. : **PARROQ. SANTIAGO DE RIBARTEME**  
 Población. : **36447 NEVES (AS)**  
 Provincia. : **PONTEVEDRA**

**EL SUBDIRECTOR GENERAL DE CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS Y REGISTRO DE CONTRATOS**

CERTIFICA que la empresa cuyos datos se indican figura inscrita, como empresa **CONTRATISTA DE OBRAS**, en el Registro Oficial de Empresas Clasificadas con las clasificaciones que a continuación se expresan:

GRUPO SUBGR. CATEG.	GRUPO SUBGR. CATEG.	GRUPO SUBGR. CATEG.	GRUPO SUBGR. CATEG.	GRUPO SUBGR. CATEG.
A 01 D	A 02 C	A 03 C	A 04 C	B 01 D
B 02 D	C -- A	C 01 A	C 02 A	C 03 A
C 04 B	C 05 A	C 06 B	C 07 A	C 08 A
C 09 A	E 01 E	E 04 E	E 05 E	E 07 E
G 03 A	G 04 D	G 05 A	G 06 E	J 04 A
K 04 B	K 05 B			

Para que conste a los efectos establecidos en la legislación de contratos del Sector Público expido esta certificación en Madrid a veinticinco de Noviembre de dos mil ocho.



Fdo.: José Luis Cueva Calavia.



Registro Oficial de Empresas Clasificadas co número 46624 R.  
 Registro Xeral de Contratista e Contratación co número 2260.



**Narom S.L.**

Polig.Industrial A Granxa. Rua 1, Parcela 13.

36400 O Porriño (PO) SPAIN.

T 986 342 533 - F 986 342 952

[empresa@narom.es](mailto:empresa@narom.es)